



CURSO: 2023-24	DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	

4ºESO

ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO

Avaliaranse os contidos da materia a través dos criterios de avaliación establecidos no decreto para cada bloque de contidos.

En canto o sistema de cualificación, o resultado da avaliación será numérica, entre 0 e 10 sen decimais, considerándose negativas as inferiores a 5 puntos. E se aplicará un redondeo á alza a partires da 5ª décima se o alumnado reúne unhas condicións positivas (atención, aptitude, esforzo, realización das tarefas ,...).

En cada avaliación a cualificación obterase a partir da análise dos criterios de avaliación , tendo en conta concretamente:

- As probas escritas representarán un 70% da cualificación final.
- A observación directa e as exposicións orais, representarán un 30% da cualificación final.

Aqueles alumnos que non superen unha avaliación terán a oportunidade de recuperala trimestralmente. Ademáis abrirase un prazo para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso.

A cualificación final ordinaria do curso será unha media das tres avaliacións realizadas e superadas. Ademáis realizarase ao final de curso outra recuperación para aqueles alumnos con algunha avaliación pendente.



1ºBACHARELATO

ECONOMÍA

A avaliación será continua e integral, centrándose nos criterios de avaliación establecidos.

En canto o sistema de cualificación, o resultado das avaliación será numérica, entre 0 e 10 sen decimais, considerándose negativas as inferiores a 5 puntos.

En cada avaliación a cualificación obterase a partir da análise dos criterios de avaliación, tendo en conta concretamente:

- As probas escritas representarán un 80% da cualificación final da primeira e segunda avaliación, e un 70% na terceira. Se nun trimestre se realizase máis dunha proba farase unha media das que superen a nota mínima de 4.
- A observación directa e o traballo de aula, representarán un 10% da cualificación final.
- Os traballos representarán un 10% da cualificación final na primeira e segunda avaliación e un 20% na terceira, sempre e cando sexa posible polo número de alumnos e dispoñibilidade acceder a aula de informática. No caso de non poder realizarse, esta porcentaxe sumarase ó apartado anterior.

Aqueles estudantes que non superen unha avaliación terán a oportunidade de recuperala trimestralmente. Cando un estudante non se presente a unha proba, ou non realice as tarefas propostas por non asistir a clase, deberá xustificar as faltas e terá un prazo para realizalas, en caso de non facelo a cualificación correspondente sería cero.

A cualificación final ordinaria do curso será unha media das tres avaliacións realizadas e superadas, aqueles estudantes que non teñan superada algunha avaliación na avaliación final ordinaria, poderán presentarse a unha proba extraordinaria para recuperalas. No período abranguido desde a avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo, os alumnos con algunha avaliación sen superar, terán actividades de apoio e reforzo para poder recuperalas. Aqueles que teñan superada a avaliación final ordinaria, recibirán actividades de ampliación na medida do posible, xa que se considerará prioritaria a atención a aqueles que deban recuperalas.

A utilización de procedementos non autorizados pola profesora na realización das correspondentes probas, traballos ou exposicións, suporá que non se terá en conta a efectos de cualificación.



2ºBACHARELATO

EMPRESA E DESEÑO DE MOLDELOS DE NEGOCIO

A avaliación será continua e integral, centrándose nos criterios de avaliación establecidos.

En canto o sistema de cualificación, o resultado das avaliación será numérica, entre 0 e 10 sen decimais, considerándose negativas as inferiores a 5 puntos.

En cada avaliación a cualificación obterase a partir da análise dos xa citados criterios de avaliación , tendo en conta concretamente:

- As probas escritas representarán un 80% da cualificación final. Cando unha proba conste dunha parte teórica e unha parte práctica claramente diferenciadas, será necesario superar ámbalas dúas partes. Se nun trimestre se realizase máis dunha proba farase unha media das que superen a nota mínima de 4.
- A observación directa representará un 20% da cualificación final.

Aqueles estudantes que non superen unha avaliación terán a oportunidade de recuperala trimestralmente. Cando un estudante non se presente a unha proba, ou non realice as tarefas propostas por non asistir a clase, deberá xustificar as faltas e terá un prazo para realizalas, en caso de non facelo a cualificación correspondente sería cero.

A cualificación final ordinaria do curso será unha media das tres avaliacións realizadas e superadas, aqueles estudantes que non teñan superada algunha avaliación na avaliación final ordinaria, poderán presentarse a unha proba extraordinaria para recuperalas. No período abranguido desde a avaliación final ordinaria ata a realización das probas extraordinarias, os estudantes con algunha avaliación sen superar, terán actividades de apoio e reforzo para poder recuperalas. Aqueles que teñan superada a avaliación final ordinaria, recibirán preparación para as probas de acceso á universidade.

A utilización de procedementos non autorizados pola profesora na realización das correspondentes probas, traballos ou exposicións, suporá que non se terá en conta a efectos de cualificación.



1º CICLO MEDIO

FOL

A avaliación será continua e integral, centrándose nos contidos establecidos. En canto o sistema de cualificación, o resultado das avaliación será numérica, entre 1 e 10 sen decimais, considerándose negativas as inferiores a 5 puntos.

En cada avaliación a cualificación obterase a partir da análise dos criterios e instrumentos de avaliación, tendo en conta concretamente:

- As probas escritas representarán un 80% da cualificación final, e deberán acadar un mínimo de 5 puntos. Cando unha proba conste dunha parte teórica e unha parte práctica claramente diferenciadas, será necesario superar ámbalas dúas partes. Se nun trimestre se realizase máis dunha proba farase unha media das que superen a nota mínima de 4.
- A observación directa, traballos e exposicións orais, representarán un 20% da cualificación final.

Aqueles estudantes que non superen unha avaliación terán a oportunidade de recuperala. Cando un estudante non se presente a unha proba, ou non realice as tarefas propostas por non asistir a clase, deberá xustificar as faltas e terá un prazo para realizalas, en caso de non facelo a cualificación correspondente sería cero.

A cualificación final do curso será unha media das tres avaliacións realizadas e superadas, aqueles estudantes que non teñan superada algunha avaliación poderán presentarse a un exame final para recuperalas.

O alumnado que por exceder o límite de faltas establecido legalmente perda o dereito á avaliación continúa deberá ser avaliado mediante un proceso extraordinario. Neste proceso de avaliación, que tería lugar nunha data a determinar polo centro no mes de xuño, deberán demostrar mediante unha proba escrita que acadaron os obxectivos xerais e os contidos mínimos establecidos na programación.

A utilización de procedementos non autorizados pola profesora na realización das correspondentes probas, traballos ou exposicións, suporá que non se terá en conta a efectos de cualificación.



2º CICLO MEDIO

EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA

A avaliación será continua e integral, centrándose nos contidos establecidos.

En canto o sistema de cualificación, o resultado das avaliación será numérica, entre 1 e 10 sen decimais, considerándose negativas as inferiores a 5 puntos.

En cada avaliación a cualificación obterase a partir da análise dos criterios e instrumentos de avaliación, tendo en conta concretamente:

- As probas escritas representarán un 80% da cualificación final, e deberán acadar un mínimo de 5 puntos. Cando unha proba conste dunha parte teórica e unha parte práctica claramente diferenciadas, será necesario superar ámbalas dúas partes. Se nun trimestre se realizase máis dunha proba farase unha media das que superen a nota mínima de 4.
- A observación directa, traballos e exposicións orais, representarán un 20% da cualificación final.

O plan da empresa será elaborado ó longo de todo curso en equipos de traballo, e será avaliado ó final do curso como se indica no seguinte parágrafo.

A cualificación final do módulo obterase da seguinte forma:

- Unha media das cualificacións das tres avaliacións superadas, que representará un 60% na cualificación final do módulo.
- O plan de empresa, que representará un 40% na cualificación final, sempre que acade unha nota mínima de 5 e sexa entregado no prazo establecido.

Aqueles estudantes que non superen unha avaliación terán a oportunidade de recuperala trimestralmente, e aqueles equipos que non entregaran en prazo ou non acadaran unha nota mínima de 5 no plan de empresa, poderán revisalo e volver presentalo no prazo establecido. Asemade haberá un exame final para aqueles que tiveran algunha avaliación pendente.

Cando un estudante non se presente a unha proba, ou non realice as tarefas propostas por non asistir a clase, deberá xustificar as faltas e terá un prazo para realizalas, en caso de non facelo a cualificación correspondente sería cero. As faltas reiteradas de asistencia, aínda xustificadas, implicarán que se deba elaborar o plan de empresa de xeito individual.

O alumnado que por exceder o límite de faltas establecido legalmente perda o dereito á avaliación continua deberá ser avaliado mediante un proceso extraordinario. Neste



proceso de avaliación, que terá lugar nunha data a determinar no mes de marzo ou en xuño, os estudantes deberán demostrar mediante unha proba escrita que acadaron os obxectivos xerais e os contidos mínimos establecidos na programación. Asemade deberán presentar un plan de empresa orixinal, seguindo o guión que lles será facilitado.

A utilización de procedementos non autorizados pola profesora na realización das correspondentes probas, traballos ou exposicións, suporá que non se terá en conta a efectos de cualificación.